



SESION EXTRAORDINARIA DE PLENO DA CORPORACION CORRESPONDENTE O DIA 29 DE AGOSTO DE 2023

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas do día vinte e nove de agosto de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D^a Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Antonio García Fornos, D^a Cristina Clavería Alves, D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG; D. Jesús Río Piornedo, D^a M^a Ángeles Crespo García e D. David Rodríguez Casares do grupo municipal do PP, e D^a Marta Lorenzo Diéguez do PSdeG, actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1.-LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 26-06-2023.

Cos cinco votos do Grupo municipal do BNG e un voto do Grupo municipal do PSOE a favor e a abstención (3 votos) do Grupo Popular apróbase a acta da sesión anterior de 26/06/2023.

2.-DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN.

Indica o Sr. Alcalde que están a disposición dos integrantes da Corporación Municipal as Resolucións adoptadas pola Alcaldía dende a derradeira sesión plenaria podendo ser consultada na Secretaría Municipal.

3.-APROBACIÓN PROPOSTA FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024.

Vista a comunicación da Consellería de Emprego e Igualdade instando ó Pleno da Corporación a efectuar a correspondente proposta dos festivos locais para o 2024, o Sr. Alcalde-Presidente propón manter as datas tradicionais do 5 de agosto, Virxe das Neves e 11 de novembro San Martiño.

O Pleno por unanimidade co voto a favor de todos os grupos municipais refrenda a proposta formulada acordando sinalar como festivos locais 2024 do Concello da Mezquita o 5 de agosto Virxe das Neves e o 11 de novembro 2024 San Martiño.

4.-APROBACIÓN OPERACIÓN DE TESOURERÍA CON ABANCA FINANCIAMENTO OBRAS IDAE RENOVACIÓN ALUMEADO PÚBLICO.

Expón o Sr. Alcalde o motivo da renovación con ABANCA para financiar as obras de renovación de alumeado público realizado en todo o Concello coa subvención do IDAE. Indica que foi dictaminado favorablemente na Comisión Informativa de Facenda e que foi tratado por ABANCA para proceder a súa formalización.

Por parte do Grupo municipal do PP D^a M^a Ángeles Crespo García indica que para o seu grupo está xustificada a renovación da póliza de crédito e avanza o voto favorable.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta adoptándose por unanimidade da Corporación Municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO : Concertar coa entidade ABANCA unha OPERACIÓN DE TESOURERIA por importe de 299.000 euros coas seguintes condicións:

Xuro EURIBOR A 3 MESES + 0,55 Interese mínimo 0%

Xuros de demora 2%

Resto de comisión = 0%





Liquidación de Xuros Trimestral
Amortización de capital Fin de período

SEGUNDO : Notificar a Abanca o acordó adoptado para proceder a formalizar a operación.

5.- APROBACIÓN ACORDO LABORAL NEGOCIADO COAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DEPENDENCIA.

Expón o Sr. Alcalde a proposta de ACORDO LABORAL negociado e aprobado polas traballadoras municipais do Servizo de Axuda no Fogar que clarifica as condicións para prestar o servizo e permite manter unha vía permanente de diálogo e negociación coas traballadoras e a súa representación sindical indicando que o texto aprobado aporta melloras para as traballadoras e redundará nun mellor funcionamento na atención ós usuarios e usuarias.

D^a M^a Ángeles Crespo García en nome do Grupo municipal do PP manifesta que en todo caso había tamén algunhas traballadoras que non estaban de acordo, solicitando que conste en acta que a limpeza de edificios debe ter carácter voluntario para as traballadoras e que pedirá á traballadora social aclaracións sobre a marcha do servizo.

O Sr. Secretario interveu coa indicación do Sr. Alcalde para aclarar cuestión legais sobre o acordo laboral indicando que a regulación do servizo non depende só do Concello senon que está fiscalizado pola Xunta de Galicia, que establece o plan individual de atención ós usuarios e usuarias e fai un seguemento da súa aplicación.

Sinala que o acordo vai significar un esforzo económico no 2024 para o Concello no pagamento ás traballadoras do servizo.

Seguidamente, logo de diferentes aclaracións, o Sr. Alcalde somete a votación o ACORDO LABORAL sendo aprobado por maioría contando cos 5 votos a favor do Grupo municipal do BNG, 1 voto a favor do PSdeG-PSOE e 3 votos en contra do Grupo municipal Popular, aprobándose o seguinte texto:

ACORDO LABORAL **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DEPENDENCIA DO CONCELLO DA MEZQUITA**

O Concello da Mezquita presta mediante XESTIÓN DIRECTA o servizo de Axuda no Fogar e atención á Dependencia nas condicións establecidas no Decreto 149/2013 da Xunta de Galicia que tutela o servizo e segundo o disposto na Ordenanza Municipal reguladora do servizo.

As traballadoras municipais están a disposición da coordinación do servizo realizada pola Traballadora Social na organización do mesmo.

Ambas partes ACORDAN:

Primeiro: Segundo se indica na introdución a xestión directa do servizo de Axuda no Fogar e Dependencia rexerese por este ACORDO LABORAL e polo disposto no Estatuto Básico do Emprego Público RDL 5/2015 do 30 de outubro e a Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Segundo:

A xornada laboral ten unha duración de 37,5 horas semanais incluídos os desprazamentos para acudir aos fogares e un computo anual de 1.642 horas.

A xornada desenvolverase entre as 8 da mañá e as 21:00 horas aínda que na organización do servizo procurarase a realización de xornada intensiva cando a atención dos(PIA) Plans de Atención ao Usuario o permitan. En ningún caso se podrá fraccionar a xornada en máis de dous períodos.





No caso da realización de xornada intensiva, establecerase un descanso de 30 minutos durante a mesma, que tendrá a consideración de tempo efectivo de traballo a tódolos efectos.

Dada a natureza e evolución de demanda do servizo e normativa da Xunta de Galicia a xornada de traballo semanal é de luns a domingo cos descansos legalmente establecidos na normativa vixente, respectando o día e medio de libranza e ás doce horas de descanso entre a hora de saída e a hora de entrada dunha nova xornada.

A realización da xornada en fin de semana realizarase rotando no servizo entre todas as traballadoras cubrindo as horas necesarias na atención aos usuarios e descansando quen preste a quenda de fin de semana o luns e martes seguinte, ou xoves e venres segundo as quendas.

A realización da xornada en festivos farase por quendas rotatorias sendo necesarias dúas traballadoras por festivo que rotaran para cubrir os mesmos e implicará o pagamento das horas realizadas a un prezo de 12€ hora.

Terceiro: O Plus de transporte existente na actualidade no exercicio 2023 de 145,60 € manterase con esta finalidade no 2023, podendo optar alternativamente as traballadoras por percibir o correspondente importe de kilometraxe a 0,26€ km No 2024 pasaran 100€ a sumarse ao salario base facendo un total de 1.085,64€ quedando subsumido no mesmo os incrementos que os orzamentos xerais do Estado contemplan para os traballadores da Administración Pública no 2024.

A partir de xaneiro do 2024 os desprazamentos con vehículo propio aos domicilios dos usuarios e usuarias pagaranse como indemnización específica ao prezo legalmente establecidos sendo na actualidade pola orde HFP/793/2023 do 12 de xullo de 2023 de 0,26 € km a partir do 18 de xullo.

Anualmente deberá chegarse a un acordo entre Concello e traballadoras para o incremento retributivo que garanta o poder adquisitivo das traballadoras tomando como referencia o IPC anual.

Cuarto: As auxiliares do servizo de dependencia quedan a disposición da coordinación do servizo que será competente para modificar/engadir aquelas horas a prestar dentro dos terminos da xornada laboral establecida que deriven de substitucións por baixas médicas, vacación ou ausencias da auxiliar e non poderán negarse a prestar o servizo. Se se dera o caso de o caso de negación sen causa xustificada de forza maior, as horas que non foron prestadas descontáranse da retribución mensual e abrírase o correspondente expediente disciplinario.

Quinto: Establecese unha bolsa de horas que será xestionada directamente pola coordinación do servizo en base aos principios de boa fe e equidade e que terá o seguinte funcionamento:

- mensualmente si a xornada de traballo excede as horas correspondentes para a xornada completa do mes, acumularanse nesta bolsa e recuperarase no trimestre seguinte.
- mensualmente si a xornada de traballo non acadara o número de horas da xornada a realizar a traballadora quedará condicionada a realizalas ata que se salde dita débeda.

Esta recuperación realizarse no trimestre seguinte.

Sexto: O abeiro do disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Lei 32/2021 de medidas urxentes para a Reforma Laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo a duración por incremento por circunstancias da produción ampliase de seis meses a un ano.





Sétimo: Vacacións e permisos.

O período de vacacións anuais será retribuído e a súa duración será de trinta días naturais. Naqueles casos en que non se complete o ano de traballo efectivo, os/as traballadores/as terán dereito á parte proporcional.

As vacacións gozaranse preferentemente durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro. O período de gozo fixarase nun período de 30 días ou en dous períodos de 15 días, e non se poderá realizar máis fraccións, agás acordo entre a empresa e as persoas traballadoras, respectándose sempre os seguintes criterios.

- a) O réxime de quendas de vacacións farase por rotación anual do persoal entre os distintos meses, salvo que medie un pacto expreso das traballadoras que estableza outra cousa respectando o normal desempeño do servizo, iniciándose esta rotación o primeiro ano, por antigüidade na empresa. Para tal efecto constituíranse as correspondentes quendas de vacacións. Estas quendas faranse de acordo co calendario laboral, segundo as prestacións do servizo. O inicio do período de vacacións ou de gozo das festas laborables non pode coincidir cun día de descanso semanal, de forma e maneira que neste caso se entenderán iniciadas as vacacións ao día seguinte do descanso semanal. Se o regreso das vacacións coincide co día libre, este deberá respectarse, e retomarse o traballo ao día seguinte.*
- b) O calendario de vacacións elaborase antes da finalización do primeiro trimestre de cada ano e, en todo caso, cun mínimo de dous meses antes de seu comezo.*
- c) Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións coincida no tempo cunha incapacidade temporal calquera que sexa a causa ou co período de suspensión do contrato de traballo previsto no artigo 48.4 Estatuto dos traballadores, terase dereito a gozar as vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á do gozo do permiso que por aplicación deste precepto lle correspondese, ao finalizar o período de suspensión, aínda que termine o ano natural a que corresponda.*

Debe garantizarse o desfrute das vacacións, asuntos propios e permisos das traballadoras e en todo caso, a denegación das solicitudes debe estar fundamentada, debendo adxuntar ao expediente o material probatorio necesario.

6.-ELECCIÓN XUÍZA DE PAZ SUBSTITUTA DO XULGADO DE PAZ DA MEZQUITA.

Recibida comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se indica que estando próximo a finalizar o período de 4 anos do nomeamento da Xuíza de Paz Substituta se proceda a iniciar un novo expediente para elixir por un novo período este cargo no xulgado de paz da Mezquita.

Publicado edicto no BOP nº 98 do 29 de abril 2023 presentándose unha única candidata D^a MARÍA DA LUZ BATISTA PIRES con DNI 34634436R que reúne os requisitos esixidos para o desempeño do cargo de Xuíza de Paz Substituta.

DEBATE E VOTACIÓN

O Sr. Alcalde manifesta o apoio a proposta presentada no prazo concedido ó efecto e somete a votación a elección de Xuíza de Paz Substituta sendo aprobado por unanimidade a elección de D^a MARÍA DA LUZ BATISTA PIRES con DNI 34634436R e remitir ó TSX de Galicia copia completa do expediente tramitado o abeiro do disposto na Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo do Poder Xudicial.

7.-MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL ABASTECIMENTO AUGA, ENGADINDO CANON DE CONSERVACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES E IPC NO ARTIGO 6.

Vista a proposta do servizo na que indica:





Á vista da situación de moitos contadores de auga instalados dende fai moito tempo e tendo en conta que en varios anos non se fixo lectura, control ni cobro do servizo o que acarreeu graves dificultades financeiras para o Concello da Mezquita, mesmo apertura de expedientes pola Xunta de Galicia reclamando o cobro do canon da auga por un importe de mais de 50.000 euros e un expte sancionador por 25.000 euros así como a apertura dun novo expte polo exercicio 2018. Tendo en conta que resulta mais beneficioso para os abonados e resulta mais fácil para a administración incluír nas tarifas un canon de conservación de contadores e mesmo de substitución dos averiados a cargo do concello. Considerando que deste xeito se incide asimismo no control de fugas e perdas de auga contemplados nas normativas en vigor, Considerando asimismo que é necesario incluír a actualización do cadro de tarifas en relación co IPC anual de aplicación dada a necesidade de equilibrio económico no servizo e os elevados custes do mesmo.

Tendo en conta estes antecedentes, vistas as circunstancias que acontecen e por razóns de interese xeral faise necesaria, en virtude do establecido no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro en concordancia co artigo 5.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por suministro de auga potabel debe tramitarse segundo o establecido na Lexislación Local artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril LRBL e RDL 2/2004 de 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido das Facendas Locais.

Con esta iniciativa preténdense conseguir os seguintes obxectivos dar solución ás carencias ou problemas que a continuación se expoñen: Conservar e renovar adecuadamente a rede de contadores controlando de xeito eficaz as fugas e perdas de auga e actualizar as tarifas co IPC para manter o equilibrio financeiro do servizo en ingresos e gastos.

A tal fin propónse modificar o artigo 6 da Ordenanza en vigor establecendo un canon de conservación e substitución de contadores de 0,50 euros por abonado e mes e a actualización de tarifas segundo a evolución do IPC anual.

DEBATE E VOTACIÓN

O Sr. Alcalde manifesta que esta modificación do artigo 6 da ordenanza vai permitir que o Concello se faga cargo da conservación, mantemento ou substitución de contadores sen custes para os abonados e facilitará unha mellor lectura dos consumos, así mesmo a actualización de tarifas co IPC anual é algo lóxico que incide na adecuación das tarifas ó custe da vida.

Por parte do PP, D^a M^a Ángeles Crespo García solicita aclaracións a respecto da substitución e conservación dos contadores sen cargo para os abonados sendo ratificado polo Sr. Alcalde e sométese a votación sendo adoptado o seguinte acordo cos 5 votos a favor do Grupo municipal do BNG, 1 voto de PSdeG e 3 abstencións do Grupo municipal Popular.

Artigo 6.- Cuota Tributaria

- a) Por dereitos de conexión ou enganche á rede: 50,00 Euros
- b) Por consumos:
- b.1) Domésticos:





1) Cota fixa por abonado e mes: 3,07 Euros

2) Por tramos de consumos (eur/m3):

De 0 a 10 m3/ab.mes 0,37851 Euros

De 11 a 30 m3/ab.mes 0,49404 Euros

De 31 a 50 m3/ab.mes 0,64449 Euros

De 51 a 80 m3/ab.mes 1,19691 Euros

De 81 a 100 m3/ab.mes 2,37336 Euros

A partir de 101 m3/ab.mes 4,2966 Euros

b.2) Industrias:

1) Cota fixa por abonado e mes: 3,07 Euros

2) Por tramos de consumos:

Desde 0 m3/abonado/mes 0,40920 Euros

c) Por mantemento do Contador (abonado e mes) 0,5 €

d) As presents tarifas actualizaranse anualmente co IPC.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e trinta e oito minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

